

Letras Galegas
2008



Xosé María Álvarez Blázquez



CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

Etnógrafo, historiador. Membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, da ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, etc. É autor de numerosas publicacións especializadas. Ven de publicar na Editorial TOXO OUTOS *Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1985*.

Xosé María Álvarez Blázquez

(1915-1985)

*Poeta, novelista,
erudito, editor...*

Clodio González Pérez

I. Tui e Pontevedra: a nenez e a mocidade

Xosé María Álvarez Blázquez nace en Tui o 4 de febreiro de 1915. Cursa o bacharelato por libre no Instituto de Pontevedra e Maxisterio como alumno oficial na Escola Normal da mesma cidade, por eso no “inquérito” que lle fai Xosé Filgueira Valverde en 1935 para a *Escolma da lírica galega contemporánea*, coa que o Seminario de Estudos Galegos ía conmemorar o primeiro centenario do nacemento de Rosalía de Castro, o 24 de febreiro de 1937, di:

Vivín sempre en Tui e perto de catro anos en Pontevedra. Os meus lugares preferidos son tamén Tui e Pontevedra¹.

Dende neno sente unha irresistible atracción pola literatura, tanto é así, que, segundo di no devandito “inquérito”, *fixen o primeiro [verso] aos 10 anos*. Aos 15 dá a coñecer os primeiros en xornais, aos 17 publica o primeiro poemario castelán: *Abril* (1932), e xa traballaba noutro en galego, *Arco da vella* (1932-1934), que non chega a saír do prelo e, aínda que publicou algúns poemas posteriormente, o conxunto orixinal continúa inédito.



Xosé María aos 14 anos; aos 15 publica os primeiros versos, e aos 17 o primeiro poemario: Abril

(Arquivo da familia Álvarez-Cáccamo)

Os anos pontevedreses son moi activos: ademais de estudar, fai poesía e dirixe xunto co poeta Xoán Vidal Martínez e Antonio Díaz Herrera a revista *Cristal*, da que se editan dez números, entre 1932 e 1933, colaborando na mesma 55 escritores e varios artistas gráficos, entre os que sobresaec Federico García Lorca. Pola súa banda, Xosé María inseriu na mesma dez poemas: sete en castelán e tres en galego (“O merlo poeta”, “Inmensidade” e “Romance do afiador”), e un curto texto castelán:

1. Museo de Pontevedra: Arquivo X. Filgueira Valverde, 65-31.



Xosé María Álvarez Blázquez, 1935

[Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela].

O MERLO POETA

*Da gorxa algareira
do merlo aldeán
fuxían as horas
xuntiñas das mans.*

*Co-as suas muiñeiras
y-os seus alalás
a total-as merlas
ia namorar.*

*N-a ponla d'un albre
do meu salgueiral
morreu o poeta...*

(¡N-o papo nin graul!...)

Tamén é na capital do Lérez onde fai os mellores amigos, sendo un dos principais Alexandre Bóveda, que en 1930 casa coa súa curmá Amalia Álvarez Gallego, filla do seu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses. Moitos anos despois, xa na etapa derradeira da vida, dedicarlle unha emocionada biografía na que reconece todo canto lle debía ao ourensán, dende que se afilia ás Mocidades Galeguistas en 1933, ata que o fai logo no Partido Galeguista, cando xa cumprira os 21 anos. Por consello seu pronuncia en 1933 o discurso conmemorativo do 88 cabodano dos fusilamentos de Carral, editado inmediatamente como folleto: *Berro en lembranza dos heróis de Carral*, e publica o primeiro artigo en *A Nosa Terra* o ano seguinte. Álvarez Blázquez, en *Alexandro Bóveda. Apunte biográfico* (1982)², máis que no curmán, fai fincapé na amizade entre ambos os dous, como mestre e alumno:

Conocín a Alexandro Bóveda en Pontevedra, no San Xoán de 1930, índome a examinar por libre do sexto curso de Bachillerato. Residía durante aqueles días na casa do meu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses, pai da miña curmá Amalia Álvarez Gallego, noiva de Alexandro. Os dous eran membros da Coral Polifónica de Pontevedra que dirixía Antonio Blanco Porto e prá que pintara Castelao uns belidos decorados con motivos de vitrais e rosetóns góticos.³

Por estes anos enceta tamén a xeira da narrativa coa novela *Os ruíns*, un conxunto de cinto pequenas historias ou contos: “O anarquista”, “O suicida”, “O asesino”, “O ladroeiro” e “O sátiro”, que publica a revista *Nós*, no número especial correspondente aos meses de xullo-décembro de 1935, dedicado pola Asociación de Escritores de Galiza a Ánxel Casal Gosenxe: *xerente da revista, fundador da Editorial Nós; editor patriota, intelixente e xeneroso, que botou nas oito enfilacións dos ventos, co novo renacemento das nosas letras, as óptimas*

2. Xosé María sempre lle chama así: Alexandro e non Alexandre, verbo do que fai a seguinte aclaración: *Advirto, finalmente, que escribo sempre Alexandro, e non Alexandre, como se ven facendo adoito, incluso na biografía que acabo de citar. Bóveda nunca usou outra forma do seu nome que a de Alexandro, mesmo cando o trazou por derradeira vez ao diseñar a lápida do seu sartego. Quero ser fidel, polo tanto, a aquel nome que el usou toda a vida* (Álvarez Blázquez, X.M^o: *Alexandro Bóveda*, Banco del Noroeste, A Coruña, 1982, p. 9).


3. Álvarez Blázquez, X. M^o: *Alexandro Bóveda*, p. 11. Os decorados de Castelao aos que alude Xosé María consérvanse actualmente no Museo Provincial de Pontevedra (Figueira Valverde, X.: *Cuarto Adral. Castelao na lembranza*, Edicións do Castro, Sada, 1987, pp. 77 a 100).

sementes do rexurdir da Patria. Casal, alcalde de Santiago de Compostela, será “paseado” ao pouco de comezar a Guerra Civil, aparecendo o seu cadáver nunha beirarrúa o 19 de agosto de 1936.

E, por último, ao mesmo tempo leva a termo as primeiras escavacións arqueolóxicas, descubriendo xunto con outros amigos o castro tudense da Guía, a mediados de decembro de 1934:


[...] *Os achádegos do día son estes:*

- *Os dous machados de coarcita, tipo de améndoa che llense atopados de camiño ao castro.*
- *Uns vinte anacos de cerámica castrexa, con curva de cacharro.*
- *Meia ducia de testos de boca e cús de cacharro.*
- *Dous anacos adubidos por incisión. [...]*
- *Un testo con novo adubío, dúas liñas paralelas incididas e no meio outra de puntos.*
- *Unha ducia de anacos de bocas de cacharros, algún de grande finura.*
- *Mais abondo dous testos sinxelos, sen traballo grande de curva.*
- *Duas pequenas chapas de ferro* ⁴.



Berro en lembranza dos herois de Carral (Pontevedra, 1934).

“Os Ruíns” (Nós, num. 139-144, 1935).



4. Álvarez Blázquez, X. M.ª: “Castro de “A Guía”, Tude, Tui, 1935.

*Alexandre Bóveda nos anos
de mozo de Amalia Álvarez
Gallego, curmá de Xosé María.*



II. A traxedia da Guerra Civil

A primeira escola que rexe é a das Olivas (Tui), a curta distancia da súa casa, durante o curso 1935-36, acadando para o seguinte xa como propietario definitivo a de Coia (Vigo), da que non chega a tomar posesión pola sublevación militar franquista que estoura o 18 de xullo de 1936. Os anos seguintes serán os máis tristes da súa existencia: o 17 de agosto era pasado polas armas en Pontevedra seu curmán Alexandre Bóveda, o 30 de outubro seu pai en Tui, Darío Álvarez Limeses, co desgusto finaba aos poucos días un tío, Xosé Álvarez Limeses, en 1940 seu padriño e tío, Xerardo Álvarez Limeses, e seu irmán Celso Álvarez Blázquez...

Tampouco el se libra do castigo: perde o dereito sobre a escola de Coia, é sancionado con suspensión de emprego e soldo, e en 1938 destínano forzoso para a escola zamorana de Coreses. En 1940 laiábase así do seu desterro nunha “epístola” a Xoán Vidal, poeta e amigo dos anos de Pontevedra:

*[...] Pues bien, me han echado fuera de Galicia,
porque no gozara de tanta delicia;
y porque era insana mi sed soñadora
me han puesto en el yermo campo de Zamora.
Aquí, donde puedes tender la mirada
sin que el campo sepa responderte nada
y solo te sirve tu interrogación
para hacerte lazos en el corazón,
como esos que suele lucir la guitarra
del mal estudiante que sale de farra [...]»⁵*

III. Vigo: os anos de plenitude

A familia decide en 1941 deixar Tui e instalar a súa residencia en Vigo, para onde vén tamén Xosé María ao ano seguinte, logo de serlle concedida a excedencia voluntaria. Entre todos os irmáns montan unha pequena industria dedicada á fabricación de tella e ladrillo no lindeiro concello de Nigrán, que non vai ben, polo que ao pouco tempo pecha e teñen entón que procurar outros traballos.

Nin polo desterro zamorano, primeiro, nin logo por traballar na fábrica vai deixar de escribir, sobre todo narrativa, pertencendo a estes anos as novelas: *El crimen de la isla verde* (1941), *En el pueblo hay caras nuevas* (finalista do premio Nadal, a un só voto da obra gañadora, *Nada* de Carmen Laforet, 1945), *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955) e *Crecen las aguas* (premio de novela Pérez Galdós, 1955). Esta xeira pecharase definitivamente moitos anos despois con *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971).

En 1946 casa con María Luísa Cáccamo Frieben, nacendo do matrimonio seis fillos. Dous anos despois, xunto co inspector de ensino Luís Viñas Cortegoso, abren a “Almoeda Monterrei”, dedicándose en adiante á adquisición e venda de libros vellos. En 1949 publica *Poemas de ti e de min* na colección “Benito Soto” de Pontevedra, un curioso libro no que se recollen dous poemarios co mesmo título dos irmáns Emilio e Xosé María, de xeito que segundo a capa, así será dun ou doutro. Xosé María dá a coñecer 24 poemas e Emilio só 16, todos en galego, acompañados das correspondentes biografías e o limiar, “Unha leda poesía”, de *Salvador Lorenzana* (pseudónimo de Francisco Fernández del Riego), situado nas follas centrais. Entre as composicións hai varias moi anteriores, listas xa en 1935 para publicar en *Arco da vella*, sobresaíndo aquelas

5. Acuña Trabazo, A.: “Voz e memoria: a correspondencia entre Xoán Vidal Martínez e Xosé M^o. Álvarez Blázquez”, *Madrygal, Revista de Estudios Gallegos*, 8, Universidad Complutense, Madrid, 2005, p. 26.

que toman como modelo a lírica medieval, como esta dedicada a Xoán Vidal Martínez, cofundador con Díaz Herrera e Xosé María da revista pontevedresa *Cristal*, daquela mestre da escola pública de Nespereira (Pazos de Borbén):

AMIGO

*Pol-a estrada de Pazos
qué ledo vou, ai, madre!,
levando âs miñas costas
un fato de cantares.*

*Pol-a estrada de Pazos,
ai, madre!, qué ledicia,
co mar azur embaixo
i-o ceu azur enriba.*


*Pois xa sabes, ai, madre!,
vou ver ao meu amigo
e rubo a longa encosta
ledo do meu camiño.*

*Ledo do meu camiño
de Pazos de Borbén,
ao meu amigo, ai madre!,
qué ledo falaréi.*

*Mentres rubo que rubo
-ai la-ri-la, la-ri-la-
penso no meu amigo,
ai, madriña!*

A almoeda convértense en 1950 tamén no local de Edicións Monterrei, e o primeiro libro que publica vai ser un seu dedicado a “Colorín”, a filla máis vella: *Roseira do teu mencer*, que empeza e remata con estas dúas estrofas de sabor medieval:

*Eno nome de Dios e de Santa María
i-o bieito San Xosé, que mui ben a quería;
de Santa Liberata, de San Paio o neniño,
e de noso señor Sant-Yago peleriño,
quero poer aquí, a maneira de don,
unhas trovas que eu fis de mui bo corazón.*



*En el pueblo
hay caras nue-
vas* (Barcelona,
1945).



*Poemas de
ti e de min*
(Pontevedra,
1949).

*A “roseira” vos dono que eu fis á miña nena,
agora que aínda ten a figura pequena,
pra que a nembredes sempre na gracia diste día
en que toda a ledicia do mundo lle cabía.
Amigos e parentes que me queredes ben,
e no nome de Dios Noso Señor. Amén.*




Xosé María servíndolle viño a Álvaro Cunheiro.


Durante estes anos traballa arreo como investigador, en particular verbo da literatura medieval galego-portuguesa e a dos “séculos escuros”, é dicir, nos que a nosa lingua deixou de ser empregada polos escritores, pola administración e pola Igrexa. A esta época pertence a edición das poesías de Nicomedes Pastor Díaz, *Égloga de Belmiro e Benigno e A Alborada* (1951), a *Escolma de poesía medieval I. Escola medieval galego-portuguesa* (1952), *Santo da barba dourada. Décimas ao Apóstol* do crego M. Torrado (1953), *Escolma de poesía medieval II. A poesía dos séculos XIV a XIX* (1959), e *Martín Codax. Cantor del mar de Vigo* (1962).

Publica traballos en revistas e xornais pero tampouco abandona a poesía: *Cancioeiro de Monfero* (1953) e *Romance do pescador peleriño* (1954). O primeiro consta que sae do prelo o 28 de decembro -festa dos Santos Inocentes- de 1953, afirmándose que os oito poemas se deben a trobadores e xograis galego-portugueses, uns coñecidos, como Fernand Esquio, Pero Amigo e Roi Paes de Ribela; outros descoñecidos (o xograr Riandiño e Don Álvaro de Soutomor) e, por último, tres anónimos. A seriedade da presentación, a estrutura e o léxico das obras, as notas aclaratorias do editor, así como

a reprodución facsimilar da folla manuscrita de Fr. Ramón Pazos, o monxe do que di que copiara o cancioeiro en 1671, deu lugar a que varios especialistas no tema acollesen con alborozo o gran achado..., ata que se descubriu que non era máis que un calote do autor e que por eso datara o colofón o día dos Santos Inocentes, engadindo: *senalada festa que a todos, máis ou menos, toca*. O *Cancioeiro de Monfero* constitúe unha senlleira mostra da corrente poética neotrobadoresca ou medievalizante en voga na época, abondando como



Escolma de poesía medieval (Vigo, 1952).



Escolma de poesía medieval. Do s. XIV ó XIX (Vigo, 1959).



Con varios amigos no barrio vigués do Berbés, de esquerda a dereita: Xerardo Álvarez Gallego, Emilio, Darío e Xosé María Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Néstor Luján, Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro.

exemplo esta obra atribuída a *Riandiño*, *iograr*, que, pola semellanza do nome e a advocación relixiosa que se menciona, os que descoñecían a xénese do cancionero no primeiro que pensaron foi en debía ser natural de santa Comba de Rianxo:


*Amigas, quando vier
meu amigo demandar
por mí, que vaía veer
se estarey ante o altar
de Santa Comba, ú m'él víu
o día que se partíu.*

*Quando quiser meu amigo
amigas, fillar perfía
por trebellar ora migo,
nembrádelli a romaría
de Santa Comba, ú [m'él víu]
o día que se partíu.*

*Amigas, digades quando
ora vos él preguntar,
veja se estarey chorando
dos olhos ante o al[tar]
de Santa Comba, [ú m'él víu]
o día que se partíu.*

A estes mesmos anos pertence outro poemario: *Canle segredo (1951-1953)*, galardoado co premio “Eduardo Pondal” do Centro Galego de Bos Aires, que non se publica ata 1976, feito que lle restará a importancia que tería de saír do prelo daquela, como di Xosé L. Méndez Ferrín:

[...] *Se este libro fora publicado no tempo en que se rematou, ano 1953, fora seguramente sinal para un cambio de rumbo da poesía galega, que máis adiante se producirá -nunha dimensión de prosaísmo pouco válido- con Documentos perso-*




Canle segredo
(Vigo, 1976).

naes de Manuel María e os grandes libros de Celso Emilio Ferreiro [...]⁶

Interésase pola historia de Vigo, sobre todo dende que no mes de marzo de 1953, sendo el daquela Comisario de Escavacións Arqueolóxicas da cidade, se descubren nun terreo da rúa Pontevedra unha ara e 29 estelas funerarias romanas, que se poden admirar dende entón no Museo Municipal “Quiñones de León” ou de Castrelos. Ao estudo deste conxunto, o máis senlleiro de Galiza e, quizais, de toda a península, dedicou o relatorio “Hallazgo de estelas funerarias romanas en Vigo”, presentado no *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia, 1953*, e o libro *Inscripciones romanas de Galicia. Vigo*, redactado en colaboración con Fermín Bouza Brey (1961).

Publica moitos artigos en diferentes medios de comunicación (revistas, prensa e radio), resumindo por último todo o seu saber sobre o pasado vigués en dúas grandes obras: *La Ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo* (1960), e nos catro artigos inseridos no libro colectivo *Vigo en su historia* (1980): “Cuadros de Vigo en la Edad Media”, “Vigo en el siglo XIX. De la antigua villa a la ciudad moderna”, “La prensa periódica viguesa en el siglo XIX” e “Nómina de escritores vigueses”.

Outra xeira verbo da que amosa interese dende novo é a da literatura popular de tradición oral, sendo unha das primeiras achegas o *Cancioneiriño da Virxe* (sae sen autor, pero sábese que o compilador foi el), publicado por Edicións Monterrei co



La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo.
(Vigo, 1960).

6. Méndez Ferrín, X.L.: *De Pondal a Novoneyra*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1990, p. 114.

Na presentación do libro
Vigo en su historia, 1980.

(Arquivo da familia
Álvarez-Cáccamo).



gallo do Ano Santo Mariano de 1954, no que non faltan algunhas cantigas referidas a virxes ou santuarios ourensáns, empezando pola primeira, que non é popular, senón da súa autoría, xa que figura ao comezo como invocación:

*Miña Virxe dos Milagros,
que estás en Monte de Medo,
da túa man non nos deixes
a escritores e libeiros.*

Das demais, escollemos só as seguintes:

*Miña Virxe de Augas Santas
ten as culleras na fonte
para beber os romeiros
que vén cansados do monte.*

*A Señora do Cristal
ten o vestido bermello;
éntralle o sol pola porta,
relumbra como un espello.*

*Miña Virxe dos Milagros
¡qué che foron levantar!
¡que tiñas un home morto
debaixo do teu altar!*

*Nosa Señora do Monte
é madriña do meu Pepe;
tamén eu son afillada
do Santo Cristo de Ourense.*

Pero será a partir de 1964, ao fundar xunto cos seus irmáns Edicións Castrelos, cando publique máis compilacións -moitas delas anónimas- coa pretensión de dar a coñecer a nosa literatura popular (cantigas, refráns, ditos, cantares de cego, lendas, etc.), nun intre en que xa empezaba a ser patrimonio case exclusivo das persoas maiores:

“O romance de ‘Silvaniña’ en Galiza e Portugal”,
Revista de Etnografía, Porto (1964).

“Literatura popular en torno a Pardo de Cela”,
Cuadernos de Estudios Gallegos (1965).

Cantos de Nadal, Aninovo e Reis (1967).

Refraneiro do viño. 505 sentenzas recollidas do pobo (1968).

Cantigas do viño. Recollidas do pobo (1968).


O libro do marisco (1969).

O libro da caza (1969).

Cantares de cego (1972).

O libro do porco (1972).

Os nomes da terra. Recollidos do pobo -baixo o pseudónimo de Celso de Baión- (1976).



Cantos de Nadal, Aninovo e Reis (Vigo, 1967).

En 1968 volve ao ensino público, como profesor do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo, compaxinando este labor co da editorial ata 1979, en que por cuestións de saúde se ve obrigado contra a súa vontade a vender edicións Castrelos á editorial Galaxia, pechándose así unha fructífera tempada de traballo a prol da nosa cultura e, en particular, da lingua.

Non deixa de participar en cantas empresas culturais lle parecen de interese para Galiza, como a fundación do Museo do Pobo Galego: en 1976 asiste en Santiago de Compostela á xuntanza de constitución do padroado, na que é elixido vicepresidente, estan-

do tamén presente o día da inauguración do mesmo, o 29 de outubro de 1977.

O ano anterior á xubilación como profesor publica a súa derradeira obra: *Alexandro Bóveda* (1982), na que ademais dos datos biográficos do ilustre ourensán fusilado o 17 de agosto de 1936, tamén recolle as súas vivencias como curmán e, sobre todo, como amigo.

Xosé María Álvarez Blázquez falece en Vigo o día 2 de marzo de 1985.

IV. O editor: autores ourensáns

Edicións Monterrei publica o primeiro libro en 1950, que é un de Xosé María, *Roseira do teu mencer (1949-1950)*, ao que lle segue tamén no mesmo ano o dun ourensán, Augusto María Casas Blanco, *Isa folla que vai pol-o río*. Por certo, o derradeiro foi tamén doutro ourensán: *O desengano do prioiro* de Ramón Otero Pedrayo (1962). Nos anos seguintes os irmáns Álvarez Blázquez acordan crear unha editorial máis forte, con posibilidades de poder publicar varias coleccións, e o nome escollido será o dun dos lugares emblemáticos da cidade de Vigo: o pazomuseo de Castrelos ou -oficialmente- “Quiñones de León”.

Vaise dar o caso curioso que os dous primeiros libros que publique Edicións Castrelos sexan tamén de autores nados en Ourense ou na provincia: *Los castillos* de Xesús Taboada Chivite, e *Los pazos* de Xerardo Álvarez Gallego⁷. A popular colección “O Moucho” encétase cun autor da capital das Burgas: *Fr. Marcos da Portela* (Valentín Lamas Carvajal) e remata con outro nado en Castro Caldelas, Manuel Casado Nieto.

Mención especial merécea *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán (1925-*

7. Fillo de Xerardo Álvarez Limeses, tío e padriño de Xosé María. Naceu en Ourense o ano 1899 durante a estada de seu pai como inspector de ensino, e faleceu no exilio, en Miami, en 1986. Mestre, avogado e político, colaborador dos xornais vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego* (deste foi redactor xefe), e secretario do Partido Galeguista. A súa obra máis coñecida é *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (B. Aires, 1972). Seu pai fundara a revista ilustrada ourensá *Mi Tierra* (1911), na que colaborou Castelao.

*Diante do monumento
a Rosalía de Castro
en Bos Aires, 1969.*



1935) (1969), de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, dada a súa importancia para o estudo da nosa cultura popular, comparable ás que na mesma época publica o Seminario de Estudos Galegos sobre Calvos de Randín (1930), a Terra de Melide (1933) e a parroquia de Velle (1936).

En total, entre Edicións Monterrei e Edicións Castrelos editaron arredor de 140 títulos, dos que de moitos se fixeron varias reimpresións, sendo o que máis o *Catecismo do labrego* de Fr. Marcos da Portela, converténdose dende entón nun dos nosos libros máis editado.

A relación de obras de autores ourensáns publicadas polas editoriais de Xosé María Álvarez Blázquez entre 1950 e 1983⁸ é a seguinte:

ALONSO ESTRAVÍS, Isaac (Xinzo de Limia, 1935): *Contos con reviravolta*, 1973.

ÁLVAREZ GALLEGO, Xerardo (Ourense, 1899 - Miami, 1986): *Los pazos*, 1963.

BARXA IGLESIAS, Francisco (Vilardevós, 1944): *Viaxeiro da risa*, 1973; *Os ovos da pita choca*, 1975.


CASADO NIETO, Manuel (Castro Caldelas, 1912 - Barcelona, 1983): *Contos que non son contos*, 1969; *A boda do Reimundo e outras verídicas historias*, 1980, e *Refendas de vida e de morte*, 1983. Xosé María dedicoulle "A furna", unha das narracións do seu libro *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971).

CASAS BLANCO, Augusto M^a. (Ourense, 1906 - Barcelona, 1973): *Isa folla que vai pol-o río*, 1950.

CONDE CID, Alfredo (Allariz, 1945): *Contubernio catro do Tomé S.* -coedición coa librería compostelá *Follas Novas-*, 1978.

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (Celanova, 1851 - A Habana, 1908): *A Virxe do Cristal*, 1969, e *Aires da miña terra e outros poemas*, 1971. A segunda quizais sexa a edición máis completa da obra lírica

8. Edicións Castrelos pasou a propiedade da Editorial Galaxia en 1979, pero esta seguiu publicando algúns orixinais que tiña preparados Xosé María mantendo o nome da xa desaparecida editorial.



Inauguración do Museo do Pobo Galego, 29 de outubro de 1977. Entre outros: Xosé M^a. Álvarez Blázquez, entre Ramón Piñeiro e Xosé Filgueira Valverde, Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas, Isaac Díaz Pardo, Felipe Arias Vilas, Justo Beramendi, Manuel Caamaño Suárez, Francisco Fariña Busto, María Xosé Fernández Cerviño, Luciano García Alén, Carlos García Martínez, Xosé M. González Reboredo, A. Sixto Seco, Miguel Pereira Figueroa, X. M. Vázquez Varela, etc.

[Arquivo Museo do Pobo Galego]

do poeta de Celanova, cunha interesante “Nota dos editores” da autoría de Xosé María (que non asina), e a recuperación do poema “Évos a léngua gallega” (publicado por primeira vez na revista compostelá *Galicia humorística* en 1888) e o limiar do libro *Aturuxos* de Ramón Armada Teijeiro (A Habana, 1897). Figuran como “Engádega de Edicións Castrelos”.

FERREIRO MÍGUEZ, Celso Emilio (Celanova, 1912 - Vigo, 1979): *A taberna do galo*, 1978; *A fronteira infinda*, 1972; *Longa noite de pedra*, 1975, e *Cimiterio privado. Seguido das cantigas de escarneo e maldecir i o poema ‘Os*

ausentes’, 1978. Xosé María dedicoulle “A gavi-la”, unha das narracións de *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971). Na homenaxe ao ilustre celanovés celebrada en Santiago de Compostela o 28 de outubro de 1979, leu o seguinte soneto:

CARTA A CELSO EMILIO,
NOVAMENTE EMIGRADO

*Celso Emilio, xa ves que hoxe che escribo
outra vez coas palabras de acotío.
O correo anda mal, pero confío
que non se mostre o mandadeiro esquivo.*

*Eu quixera saber si ao teu arribo
non te levou volcán, vento nin río.
Mira que has defendere, fío a fío,
o teu corpo de amor e sangue vivo!*

*Por eiquí, todos ben e todos xuntos
non nos faltando mágoas nin asuntos...
Pois Celso, heiche de dar unha noticia:*

*Finouse o vran, o longo outono volve
e, mentras o teu nome nos envolve,
a dor de todo o mundo está en Galicia.⁹*


GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (Cenlle, 1947): *Castelao: Cousas de nenos, limiar e escolma*, 1976.

LAMAS CARVAJAL, Valentín (*Fr. Marcos da Portela*) (Ourense, 1849 - 1906): *Catecismo do labrego*, 1967. Coa edición facsimilar deste libro empeza a colección "O Moucho", do que se chegaron a tirar 15 edicións.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (Ourense, 1907 - Lobeira, 1989): *Refraneiro galego*, 1983.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé L. (Ourense, 1938): *Retorno a Tagen Ata*, 1971. Xosé María publicou unha eloxiosa recensión en *Grial* (1967) verbo do traballo de Méndez Ferrín: *Encol dun libro maxistral: O Cancioneiro de Pero Meogo*. Encargoulle o limiar de *Obras en Prosa e Verso* de L. Amado Carballo, pero a compilación correu a cargo do editor que, como noutras publicacións, non consta para nada.¹⁰

OTERO PEDRAYO, Ramón (Ourense, 1888 - Trasalba, 1976): *O desengano do prioiro*, 1962; *O Maroutallo*, 1974, e *Os ríos galegos*, 1977. O 9 de decembro de 1954 dedícalle o soneto "Otero Pedrayo, home", que se publicará catro anos máis tarde no libro *Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra. Homenaxe da Galicia Universal*, Caracas:



Alexandro Bóveda
(Ir Indo edicións,
Vigo, 1992)

OTERO PEDRAYO, HOME
*Ten o nome de pedra. Mete medo
velo, de costas ao solpor, chantado
coma un vello menhir verdidourado.
Ten o nome de pedra, i é un penedo.*

*(E logo aquil seu derramarse ledo,
aquil teimoso sementar calado,
aquil seu afanarse de morgado,
que nunca durme, porque nunca é cedo...)*

*A todos nos ensina cada día
a serea lección de gallardía
que o seu esgrevio camiñar encerra.*

*Novos homes virán, é ben sabido,
pero non outro que, ao miralo erguido
semelle un fito na soá da terra.¹¹*

QUESADA PORTO, Fernando (Ourense, 1933): *Chispas da roda*, 1971; *Chispas da roda, II*, 1973; *Chispas da roda, III*, 1974; *Chispas da roda, IV*, 1976, e *Chispas da roda, V*, 1979.

9. Xosé María Álvarez Blázquez. *Obra galega completa*, ed. de Xosé María Álvarez Cáccamo, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1987, p. 168.

10. González Pérez, C.: Xosé María Álvarez Blázquez, 1915-1985, Ed. Toxosoutos, Noia, 2007, p. 153.

11. Tamén reproducido en Xosé María Álvarez Blázquez. *Obra galega completa*, ed. de Xosé María Álvarez Cáccamo, p. 146.

RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA,

Xosé (*Ben-Cho-Sey*) (Ourense, 1896 - Madrid, 1988): *Arturo Vázquez Núñez e o seu tempo. Conferencia lida no Centro Gallego de Madrid...* 1952; *Andrómenas. Contos para o pobo*, proemio de E. Blanco-Amor, 1953; *Contos do fiadeiro*, 1973, e *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán (1925-1935)*, 1969. O 29 de maio de 1955 Edicións Monterrei publica *Ofrenda lírica á nena María Isabel Ramón Algarra no día da súa primeira comunión*, na que participan con varios poemas Fermín Bouza Brey, Ramón Cabanillas, Ricardo Carballo Calero, Augusto Casas, J. Díaz Jácome, A. Gómez Ledo, Angel Johan, Ramón Otero Pedrayo, Victoriano Taibo e Xosé María Álvarez Blázquez, este co seguinte soneto:

*Mira tí qué luña tan levián,
qué folerpa de neve, qué luceiro,
e qué Dios todo enteiro e verdadeiro
dándose arreo en tan cativo pan.*

*E mira agora o corazón human
a frolecer nun pulo miragreiro,
con arrecendos de diviño cheiro,
coma as herbas do prado polo vran.*

*Achégate ao Convite, vai voando,
que xa o Neno Xesús che está termando
a escadeira de Amor da Eucaristía.*

*¡A fartura de Dios seña contigo
e endexamais che falle ise Pantrigo,
feito ca luz inxel de un novo día!*

TABOADA CHIVITE, Xesús (Verín, 1907-1976): *Los castillos*, 1963; *Escultura celto-romana*, 1965, e *Guía de Monterrey*, 1968.



*Anagrama
de Edicións Monterrei.
(Debuxo de Urbano Lugrís).*

Por último están os ourensáns aos que lle dedicou algúns dos seus escritos ou publicacións, sobresaíndo o xa mencionado libro *Alexandro Bóveda. Apunte biográfico*, A Coruña, 1982, colección “Hombres que hicieron Galicia”, do que se tiraron dúas edicións: unha patrocinada polo Banco del Noroeste, e outra -que non difire máis que na capa- polo Banco Gallego para a Fundación Alexandre Bóveda (por eso no exterior figura Alexandre e non Alexandro, como na anterior). En 1992 Ir Indo Edicións fixo a segunda edición. Trátase da obra máis importante publicada deica hoxe en día ao ilustre político, na que se conxuga á vez a profunda amizade que os unía coa exactitude dos datos biográficos.

Outro ourensán co que tratou de abondo foi Eduardo Blanco Amor, ao que lle dedica en 1981 o artigo “Unha aportación á biografía de Blanco Amor”, inserido no libro *Homenaxe a Blanco Amor*, no que colaboran, entre outros, C. Casares, A. Conde, S. Lorenzana (F. Fernández del Riego), X. L. Méndez Ferrín, etc., publicado polo Concello de Redondela e Edicións Xerais de Galicia.

V. Coda

A importancia do labor de Xosé María foi recoñecida polos galardóns e nomeamentos que recibiu ao longo da vida, dos que uns dos primeiros sería o de membro correspondente da Real Academia Galega en 1949, da que pasa a numerario a partir de 1962, ocupando a cadeira do finado Aquilino Iglesias Alvariño. Recoñecemento que tamén o manifestou a cidade que o acolleu dende 1942, co título de “Cronista Oficial” (1977) e co “Paseo do Cronista Xosé María Álvarez Blázquez” que circunda parte

*Paseando pola rúa viguesa do Príncipe
con Celso Emilio Ferreiro e Camilo J.
Cela, 1959.*

(Arquivo da familia Álvarez-Cáccamo)




do monte do Castro, xusto onde fican os restos da acrópole por el descuberta.

Recibiu varios premios, uns por traballos determinados e outros pola obra en xeral, como o da Deputación Provincial da Coruña do ano 1968 ao mellor labor como editor e investigador, pero imos rematar con un relacionado coa provincia de Ourense e, en particular, coa vila de Ribadavia.¹²

En 1964, co gallo de conmemorar o cincuenta aniversario da súa fundación, a “Sociedad Recreativa Club Artístico” convocou un concurso de artigos xornalístico sobre a historia da vila do Avia, con un premio único de dez mil pesetas para o gañador. O xurado, por unanimidade, acordou concederllo a “Elogio de Ribadavia”, publicado o 28 de maio do devandito ano no *Diario de Pontevedra* por “Celso de Bayón”, que resultou ser un pseudónimo de Xosé María Álvarez Blázquez.

Trátase dun fermoso percorrido pola historia da capital do Ribeiro, merecente de ser coñecido por todos e enteiro, aínda que pola súa extensión teña-



Cousas de nenos
de Castelao,
limiar e escolma
de C. González Pérez
(1976)

mos que conformarnos só con dar agora varios parágrafos, cos rematamos estas notas verbo da vida é obra de don Xosé María:

Venir a Ribadavia, cualquiera sea el pretexto -y aún mejor si no hay pretexto alguno-, constituye un regalo para el alma y para el cuerpo. Esta antigua y noble capital del Ribeiro encierra tan

12. A relación de galardóns, nomeamentos, etc. pode verse no meu libro *Xosé María Álvarez Blázquez, 1915-1985*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2007, pp. 160 a 167.



Con varios membros da Real Academia Galega, entre eles os ourensáns Otero Pedrayo, Chamoso Lamas e Martínez-Risco Macías.

plurales encantos, tan sugestivas llamadas, que el viajero, por insensible que sea, se ve preso en una red amable de vivencias profundas, como aquel santo -no recuerdo su nombre- que, habiendo llegado a las puertas del Paraíso, ya no quería penetrar en él. En Ribadavia sucede algo así. La villa es el umbral del Paraíso del Ribeiro, pero os quedáis a gusto en el umbral. [...]

Hoy, como hace siglos, Ribadavia es un nombre solemne, que debemos pronunciar con reverencia, lo mismo que si hablásemos de aquel triste destronado por la rapiña fraterna, o de su antepasado don Sancho el Craso, envenenado también por sus émulos, que vino a morir a uña de caballo al monasterio de Castrelo, donde su esposa, a fuerza de

ayunos y oraciones, logró la salvación de su alma, que la tenía en su poder el diablo.

El rey soberano que hoy nos manda y nos rige es el vino. Pero nadie lo tome a fácil eutraperia, a escatima goliardesca. Reyes hubo que han valido menos que un vaso de Ribeiro, un solo vaso, a la sombra de unos robles, vera del río, en una tarde estival, cuando las tórtolas sesgan el aire como flechas y en los ojos del hombre cabrillean los cristales del gozo vital. Si estas virtudes tienen

los mostos del Avia, ya me diréis si pueden valer más todas las cabezas coronadas de la tierra, para las que guardo mis máximos respetos.

Decir “el Ribeiro”, ya sea la tierra que este nombre nombra, ya sea el vino que esta tierra da, es decir casi una oración. Y no hay rey ni Roque que valga por ahora lo que una estrofa del Cantar de los Cantares, lo que una simple cantiga popular. Por ejemplo, aquella -tan buida y matizada de sanas ironías- que aconseja pasar por la prueba del vino del Ribeiro y la rotunda “cacheira”, antes de ensayar las pruebas del amor. Ejercicio ciertamente muy atinado, porque al amor hay que llegar con el alma alegre y el estómago reconfortado. Y este doble milagro solo en el Ribeiro lo ballaréis, amigos.

ES, 28 MAYO 1964

Pág. 14

ELOGIO DE RIBADAVIA

Por CELSO DE BAYON

VENIR a Ribadavia, cualquiera sea el pretexto —y aún mejor si no hay pretexto alguno—, constituye un regalo para el alma y para el cuerpo. Esta antigua y noble capital del Ribeiro encierra tan plurales encantos, tan sugestivas llamadas, que el viajero, por insensible que sea, se ve preso en una red amable de vivencias profundas, como aquel santo —no recuerdo su nombre— que, habiendo llegado a las puertas del

Paraíso, ya no quería penetrar en él. En Ribadavia sucede algo así. La villa es el umbral del Paraíso del Ribeiro, pero os quedáis a gusto en el umbral.

Rivadavia, dicho en otras palabras, es justamente aquel «lugar cobdiciadero para un hombre cansado» que anhelaba el «estrecho Gonzalo de Berceo llamado, el mismo —ya sabéis— que solo pedía en premio de sus versos «un vaso de bon vino». Yo sé también que este vaso generoso no

falta jamás para halagar los labios del viajero.

Al esbozar ahora una somera loa de esta tierra, bien se me alcanza que será cosa pálida, ante los varios y encendidos loores que se han vertido a través de los siglos en el ánfora antigua de la capital del Ribeiro. Y recuerdo, en este concierto singular, las voces de Alfonso el Sabio, que quería —como una de las cosas más deseables del mundo— comer salmón regado con «bo viño d'Ourens», y de Gil Vicente, el mágico orfebre lusitano, quien, por boca de la borrachina María Parda, pedía que se tratase a las gentes de Ribadavia, en gracia a los carismas excepcionales de sus

Por los campos, las ciudades y aldeas nuestras.

“Elogio de Ribadavia” (*Diario de Pontevedra*, 28 de maio de 1964).

BIBLIOGRAFÍA

ACUÑA TRABAZO, A.: “Voz e memoria: a correspondencia entre Xoán Vidal Martínez e Xosé M^o. Álvarez Blázquez”, *Madrygal, Revista de Estudos Gallegos*, 8 e 9, Universidad Complutense, Madrid, 2005 e 2006.

ALONSO GIRGADO, L. (dir.): *Cristal*, Pontevedra (1932-1933), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, 1998.

“Álvarez Blázquez, Xosé María”, *Gran Enciclopedia Galega*, II, Santiago de Compostela-Xixón, 1974-1987.

“Álvarez Blázquez, Xosé María”, *Enciclopedia Galega Universal*, I, Ir Indo Edicións, Vigo, 1999.

“Álvarez Blázquez, Xosé María”, *Gran Enciclopedia Galega*, II, Lugo, 2003.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X. M^o.: *Xosé María Álvarez Blázquez. Obra galega completa*, ed. de Xosé María Álvarez Cáccamo, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1987.

ÁLVAREZ CÁCCAMO, A.: *Galegos na Historia: Xosé María Álvarez Blázquez*, Ed. Ir Indo, Vigo, 1994.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Diccionario de escritores en Lingua Galega*, Edicións do Castro, Sada, 1992.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: “Na morte de Xosé María”, *Faro de Vigo*, 31-marzo-1985 (*V-Adral*, Ed. do Castro, Sada, 1989).

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Xosé María Álvarez Blázquez, 1915-1985*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2007.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L.: *De Pondal a Novoneyra*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1984 (2^a ed., 1990).

ODRIOZOLA, A.: “Los libros de José María Álvarez Blázquez”, *Castrelos. Revista do Museo Municipal “Quiñones de León”*, núm. 0, Vigo, 1987.

VARIOS: Suplemento cultural de *Faro de Vigo* dedicado a X. M^o. Álvarez Blázquez, 31 de marzo de 1986. Colaboran: Xoana Torres, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Manuel Vilanova, Xavier Seoane, Xavier Rodríguez Baixeras e Ramón Raña.

VILAVEDRA, D. (coord.): *Diccionario da Literatura Galega, I. Autores*, Ed. Galaxia, Vigo, 1995.